

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019, e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e na súa representación en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra, dona Rocío Mosquera Álvarez, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., en calidade de directora-xerente e como apoderada, resultando as súas facultades xenéricas do acordado polo Consello de Administración da dita entidade en data 22 de xaneiro de 2018, elevado a escritura pública o 22 de febreiro de 2018, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. Manuel Remuñán López, co número 366 do seu protocolo. En adiante, "GALARIA".

As partes intervenientes recoñécense mutuamente capacidade legal para subscribir a presente addenda, e para iso,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O 5 de novembro do 2021, asínase o convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela no que se establecen a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

SEGUNDO. O 2 de decembro do 2022, asínase a addenda ao convenio de colaboración entra a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster para a adhesión de Galaria, empresa pública de servizos sanitarios, S.A.

TERCEIRO. O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Segundo esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, nos termos desta disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnos universitarios e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster, doutorado, así como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade, xa sexa un máster de formación permanente, un diploma de especialización ou un diploma de experto.



A citada disposición sinala tamén que as persoas que realicen estas prácticas quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou organismo que financie o programa de formación ou, no caso de que o sistema estea cofinanciado, á entidade ou organismo ao que corresponda facer efectiva á contraprestación económica e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización, se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

Segundo establece o art. 212 do Real Decreto-Lei 5/2023, de 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraia, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do dereito da Unión Europea, que modifica a disposición final décima do Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo, as previsións sinaladas entrarán en vigor o 1 de xaneiro do 2024, motivo polo cal resulta necesario modificar o convenio suscrito coa Universidade de Santiago de Compostela coa finalidade de establecer as obrigas que corresponden ás partes asinantes en materia de Seguridade Social.

É por iso que as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Engadir ao convenio asinado con data 5 de novembro do 2021, unha cláusula décimo cuarta bis coa redacción que se indica a continuación:

“Décimo cuarta bis.- Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio

1. A realización de prácticas externas ao amparo do presente convenio determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.



2. O cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderán á Universidade de Santiago de Compostela, que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

3. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.

4. A Universidade de Santiago de Compostela garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio, sexan autorizados pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a realización de prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e Galaría, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., poñan á disposición a tal fin.

5. Esta cláusula será de aplicación para todo o alumnado que realice prácticas externas ao amparo deste convenio a partir do 1 de xaneiro de 2024.

SEGUNDO. Modificar a cláusula décimo quinta do convenio, que queda redactada como segue:

“ Décimo quinta.- Financiamento do convenio

A sinatura do presente convenio non require de achegas económicas por parte das institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria, sen prexuízo das obrigas que, en materia de Seguridade Social, asume a Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co previsto na cláusula décimo cuarta bis.

O alumnado ao amparo do presente convenio non poderá percibir contraprestación económica da Consellería de Sanidade nin do Servizo Galego de Saúde.

TERCEIRO. O resto de cláusulas incluídas no convenio permanecen inalteradas.



CUARTO.- Réxime xurídico

As partes asinantes rexeranse, para a execución e cumprimento do convenio, polo establecido no convenio firmado o 5 de novembro do 2021, excepto o que se modificara no presente documento.

E en proba de conformidade, asínase a presente addenda na data da sinatura dixital.

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega
para a Xestión do Coñecemento en Saúde

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

D. Julio García Comesaña

D. Antonio López Díaz

A Directora – Xerente de Galaria, Empresa
Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

Rocío Mosquera Álvarez

